

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 7 DE MAIO DE 2020

Ás 10:15 horas do día 7 de maio de 2020, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 4 de maio de 2020 (ampliada a orde do día o 6 de maio), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. Patricia Rodríguez Calviño (asiste a todos os puntos agás o punto 2b)
D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (asiste ao punto 2b)
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D^a. Susana Gallardo Fariña, vogal suplente do secretario xeral do Pleno
D. Antonio Villanueva Guimeráns (asiste aos puntos 2, 3 e 6)
D^a. Carla Candia Paz, xefa do Servizo de Participación Cidadá en Desenvolvemento Local (asiste ao punto 11b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López, suplente da xefa do Servizo de Contratación

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 1 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. BILBOMÁTICA, S.A.
2. QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. ALDEXTRA BUSINESS & TECHNOLOGY, S.A.
 2. DACARTEC SERVICIOS INFORMATICOS, S.L.U.
 3. INFORHOUSE, S.L.

3.- Apertura administrativa e técnica/Apertura administrativa e económica/Apertura técnica e económica

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do software de virtualización VMWARE (2020-2025) (9.101-113)

A secretaria le o listado de licitadores presentados (EDNON, S.L. e INTERNACIONAL, PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.) a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con eles. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese, en acto público, á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B (documentación persoal e proposición avaliable mediante fórmula) co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Nº de horas ofertadas a maiores das esixidas no PPT (20 horas)
1	EDNON, S.L.	26.306,94 €	10 h
2	INTERNACIONAL, PERIFÉRICOS Y MEMORIAS ESPAÑA, S.L.U.	25.177,53 €	20 h

Os dous licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 2 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asiste á apertura D. Javier Atán Castro, con DNI **.70.85*, en representación de EDNON, S.L.

Acto seguido compróbase a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos, resultando correcta a documentación presentada polos licitadores.

A Mesa acorda, por unanimidade, solicitar informe ao servizo xestor sobre a documentación económica.

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do servidor documental ALFRESCO (2020-2025) (9.075-113)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Prezo	Nº de horas ofertadas a maiores das esixidas no PPT(20 horas)
1	BILBOMATICA, S.A.	55.647,90 €	40 h
2	QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.	54.917,23 €	10 h

Unicamente QUERES TECNOLOGÍAS, S.L. presenta o orzamento detallado esixido no PCAP.

Asisten á apertura D^a. Natalia García Menéndez, con DNI **.37.44*, en representación de BILBOMATICA, S.A. e D. Víctor Fariña Infante, con DNI **.98.87*, en representación de QUERES TECNOLOGÍAS, S.L.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

- Conceder un prazo de tres días a BILBOMATICA, S.A. para que poida presentar o orzamento detallado esixido no apartado 6B do Anexo I -FEC- do PCAP.
- Solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de actualización, soporte e mantemento do xestor de BBDD INFORMIX, do conector INFORMIX GATEWAY e da ferramenta de BACKUP SPECTRUM PROTECT (9.058-113)

Asisten á apertura D. Carlos Lorán, con DNI **.90.78*, en representación de INFORHOUSE, S.L. e D^a. María Jesús Artes de Arcos Raventos, con DNI **.41.82*, en representación de ALDEXTRA BUSINESS & TECHNOLOGY, S.A.

Pola Secretaría e a Presidencia procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores presentados e admitidos. A apertura dos sobres non é posible por un problema técnico da Plataforma de Contratos do Sector Público polo que a Mesa acorda, por unanimidade, deixar pendente a apertura ata que non se resolva o problema técnico.



11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto simplificado para a subministro de material de oficina consumible (6.414-241)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores clasificados neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación comunica que, en cumprimento do acordado na sesión do 28 de abril de 2020, se concedeu un prazo de 5 días ao licitador clasificado en primeiro lugar, VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L., para que puidese emendar a documentación presentada, concretamente a acreditación do seguro de caución e da solvencia técnica.

Dentro do prazo concedido o licitador non presentou documentación ningunha.

Ao abeiro do previsto no artigo 159.4 da LCSP e na cláusula 22 do PCAP "Se o candidato proposto como adxudicatario non cumprimentase adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, efectuarase proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato en puntuación".

O licitador clasificado en segundo lugar neste procedemento é PAZ DISMAC, S.L.

Tendo en conta que o licitador clasificado en primeiro lugar VISTALEGRE SUMINISTRO INTEGRAL A OFICINAS, S.L. non cumprimentou adecuadamente o requirimento ao que se refire o artigo 159.4 da LCSP e a cláusula 22 do PCAP no prazo concedido, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

- Requirit ao licitador clasificado en segundo lugar, PAZ DISMAC, S.L., seguindo a orde de clasificación acordada na sesión do 3 de marzo de 2020, para que presente, no prazo de 7 días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22 do PCAP, por estar inscrito no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia:
 1. Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC.
 2. Acreditación da constitución garantía definitiva esixida no apartado 9 das FEC.
 3. Acordo de confidencialidade e para a autorización do acceso á rede do Concello de Vigo, conforme ao modelo incluído no Anexo V.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 4 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 27 de decembro de 2019 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º Aprobar o expediente de contratación (16737-77) por procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada de "SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI "VIGO VERTICAL" (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))".

2º. Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares, de 28 de outubro de 2019, e o prego de cláusulas administrativas particulares, de 17 de decembro de 2019, que rexerán a contratación de "SERVIZOS DE ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI "VIGO VERTICAL" (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER))".

*3º.- Aprobar, por procedemento anticipado, o gasto por importe de **501.309,30 €**, para a contratación de servizos de ASESORAMENTO A PEMES E EMPRENDEDORES DENTRO DA ESTRATEXIA DUSI "VIGO VERTICAL (COFINANCIADO POLO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER), con cargo á aplicación orzamentaria 2410 2270610 "DUSI, OT9, LA16 ASESORAMENTO A PYMES E EMPRENDEDORES", dos orzamentos do Concello de Vigo do 2020.*

4º Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida".

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 23 de abril de 2020 adoptou a seguinte resolución:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 5 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento Procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	UTE DIRECCION POR IMPLICACION, S.L. Y CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L.	93,55
2	PENINSULA CORPORATE INNOVATION, S.L.	92,43
3	INOVALABS DIGITAL, S.L.	91,83
4	ARXON ESTRATEGIA, S.L.U.	91,75
5	KPMG ASESORES, S.L.	84,95
6	UTE BEPROJECT CONSULTORIA DE FORMACIÓN Y EMPLEO, S.L. Y HTO ABOGADOS, S.L.P.	63,35
7	CINK VENTURING, S.L.	59,90
8	ADECCO FORMACION, S.A.U.	30,98

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013".

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., o día 23 de abril de 2020, que presenta a documentación requirida o 4 de maio, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 6 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliáveis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliáveis mediante fórmula, de datas 10 e 30 de marzo de 2020, respectivamente.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo "*suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...)*". Así mesmo, no seu punto 3 establece "*No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo*".

Cuarto.- A disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019 establece "Para os efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, desde a entrada en vigor deste real decreto-lei acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao Sector Público,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 7 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos. O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos. Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos casos.

A este expediente resúltalle de aplicación o previsto na citada disposición ao tramitarse por medios electrónicos.

Quinto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

"Adxudicar á UTE DIRECCIÓN POR IMPLICACIÓN, S.L. e CONSULTING EMPRESARIAL CASARES, S.L. o procedemento aberto para a contratación dos servizos de asesoramento a PEMES e emprendedores dentro da estratexia DUSI "VIGO VERTICAL" (cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional – FEDER) (16.737-77) por un prezo total de 300.793,90 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 52.203,90 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Este proxecto é susceptible de ser cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) nunha porcentaxe do 80%- PROXECTO EDUSI VIGO VERTICAL. Se finalmente é aceptada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 decembro de 2013.

c) Procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 8 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, de 17 de marzo
- Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 6 de febreiro de 2020 a Xunta de Goberno local, acordou:

1º.- Autorizar o gasto de 377.888,04 euros para a contratación dos servizos de xestión do Centro de Usos Múltiples Vigosónico , que se imputará á partida presupostaria 3370.2279901 e a súa bolsa de vinculación,coa seguinte distribución presupostaria:

ANO	EUROS
2020	80.158,07 euros
2021	125.962,68 euros
2022	125.962,68 euros
2023	45.804,61 euros

2º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do presente servizo polo Concello de Vigo, de data 22 de xaneiro de 2020 , así como o prego de prescricións técnicas da data 20 de xaneiro de 2020.

3º.- Acordar a apertura do procedemento de licitación para a selección de contratista na forma prevista na lexislación vixente, mediante a tramitación ordinaria” .

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 29 de abril de 2020 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP “A incorporación a este sobre dos documentos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 9 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC”.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) na seguinte orde descendente:

	Licitador	Puntuación total
1	XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L.	94,5 puntos

Terceiro.- Requirit ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Terceiro.- Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., o día 29 de abril de 2020, que presenta a documentación requirida o 4 de maio de 2020, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 7 de maio de 2020 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por XÉRMOLLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L., de conformidade cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor de datas 15 e 23 de abril de 2020 e do acordo da Mesa de data 28 de abril de 2020 polo que se lle outorga ao licitador a máxima puntuación ao abeiro do previsto na cláusula 16.3 do PCAP.

Terceiro.- De conformidade co primeiro punto da disposición adicional terceira do RD 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo Real Decreto 465/2020, do 17 de marzo "*suspéndense termos e interrómpanse os prazos para a tramitación dos procedementos das entidades do sector público (...)*". Así mesmo, no seu punto 3 establece "*No entanto o anterior, o órgano competente poderá acordar, mediante resolución motivada, as medidas de ordenación e instrución estritamente necesarias para evitar prexuízos graves nos dereitos e intereses do interesado no procedemento e sempre que este manifeste a súa conformidade, ou cando o interesado manifeste a súa conformidade con que non se suspenda o prazo*".

Cuarto.- A disposición adicional oitava do Real Decreto-lei 17/2020, do 5 de maio, polo que se aproban medidas de apoio ao sector cultural e de carácter tributario para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-2019 establece "Para os efectos previstos no apartado 4 da disposición adicional terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, desde a entrada en vigor deste real decreto-lei acórdase o levantamento da suspensión dos termos e interrupción dos prazos dos procedementos de contratación promovidos por entidades pertencentes ao Sector Público, no sentido definido no artigo 3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, sempre e cando a súa tramitación se realice por medios electrónicos. O disposto no parágrafo anterior permitirá igualmente o inicio de novos procedementos de contratación cuxa tramitación se leve a cabo tamén por medios electrónicos. Esta medida estenderase aos recursos especiais que procedan en ambos casos.

A este expediente resúltalle de aplicación o previsto na citada disposición ao tramitarse por medios electrónicos.

Quinto.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 11 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *"Tomar razón da exclusión acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 28 de abril de 2020, de ATLANTIC PONTE 2000, S.L.U. polo motivo previsto na cláusula 14.2B) do PCAP "A incorporación a este sobre dos documentos acreditativos dos criterios que poidan valorarse mediante cifras ou porcentaxes obtidos a través da aplicación de fórmulas previstas no apartado 7.B da FEC.*
2. *Adxudicar a XÉRMOLO DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (B-27.762.681) o procedemento aberto para a contratación da xestión do centro de usos múltiples Vigosónico da Concellería de Xuventude (8.922-336) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo total do contrato é de 339.154,20 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 30.832,20 euros.*
 - b) *Propón a realización de 4 actuacións en directo (mínimo de 3 grupos) na cidade, preferentemente en época estival.*
 - c) *Propón a realización de 200 horas de formación musical realizadas por profesionais externos (superior ao mínimo esixido de 250 horas anuais).*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 14:00 horas, logo dun receso entre as 11:00 e as 13:45 debido a problemas técnicos. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 12/05/2024 15:17	Páxina 12 de 12
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A4AH4D-C9D521-B644E3-QGPYY8-L4EXEH-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		